



a bela dormente

VENRES 5 XANEIRO 2024

Auditorio de Galicia, 21:00 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sebastian Zinca, director

Inés Salvado Gontad, narradora-actriz

Lorena Conde, dramaturga

f i a n d o h i s t o r i a s

MIGRACIONES

PROGRAMA

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

A Bela Dormente (selección)

Introdución

Escena Danzante

Finale

Valse das Guirnaldas

Grande Adagio da Rosa

Finale

Entreacto e escena

Entreacto sinfónico e escena

Polacca

Apotheose

Valse das Guirnaldas

Duración aproximada do concerto: 60 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Joana Carneiro a súa principal directora convidada e Sebastian Zinca será o director asistente no ano 2024. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Sebastian Zinca

NARRADORA-ACTRIZ

Inés Salvado Gontad

DRAMATURGA

Lorena Conde

VIOLÍNS I

James Dahlgren

(concertino)

Adriana Winkler

(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Ilya Fisher

Michal Ryczel

Anna Alexandrova

Yulia

Petrushevskaya

Daniel Kordubaylo

Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Enrique Roca

Helena Sengelow

Elina Viksne

Kiyoko Ohashi

Samira Ajkic

Irina Gruia

VIOLAS

Natalia Madison *

Ionela Ciobotaru **

Anne

Schlossmacher

Oxana Bakulina

Iriana Fernández

Timur Sadykov

Ignacio Marino

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Carlos García

Álvaro Peregrina

Manuel Lorenzo

Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Amador Del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto **

Carlos Cascales (R)

ÓBOES

Sara Fernández *

Roger Solé (R)

Sergio Rodríguez ***

CLARINETES

Vicente López *

Daniel Veiga (R)

FAGOTES

Manuel Veiga *

Juan Carlos Otero **

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Jordi Ortega *

Ismael Vidal (R)

TROMPETAS

Ramón Llàtser *

Óscar Rial (R)

CORNETAS

Javier Simó *

Rodrigo Iglesias (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)

Rita Fernández (R)

Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro

(R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Sergio Sanchís (R)

Juan Martín (R)

Isabel Diego (R)

Tono V. Mouzo (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Sebastian Zinca

Director

Sebastian Zinca foi elixido director asistente da Real Filharmonía de Galicia para o ano 2024, no que traballará en estreita colaboración co director titular Baldur Brönnimann.

Recentemente, tras a súa participación na Academia do Festival de Lucerna no verán de 2023, foi convidado de novo a dirixir un obradoiro e un concerto coa Orquestra da Academia nos veráns de 2024 e 2025. Recibiu tamén a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti en Budapest, e a bolsa Joan W. Harris no Festival de Música de Aspen. Como director asistente traballou con Mark Wigglesworth no Teatro Real de Madrid na produción de Barrie Kosky de *O Nariz* de Shostakovich, e con Nicholas Collon e a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa.

Especialmente apaixonado pola ópera, Zinca dirixiu producións de *Suor Angelica* de Puccini, *L'Amico Fritz* de Mascagni, *O Diario de Ana Frank* de Frid e *Alcina* de Haendel, esta última interpretada

con instrumentos de época. En 2022 foi un dos catro directores mozos de todo o mundo elixidos para dirixir un acto de *La Bohème* en concerto coa Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, e na Academia Europea de Música de Teplice recibiu o Premio do Presidente polo seu traballo en *Così fan tutte*.

Ademais, dirixiu a Orquestra da Ópera Cómica de Berlín, a Academia de Cámara de Potsdam, a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa, a Filharmónica de Helsinki, a Tapiola Sinfonietta de Espoo (Finlandia), a PKF - Filharmónica de Praga, o Teatro Estatal de Cottbus, a Sinfónica de Lahti, a Filharmónica de Magdeburg, a Orquestra Sinfónica de Oulu e a Orquestra de Cámara de Ostrobotnia.

A Zinca gústalle atopar formas creativas de presentar a música clásica ao público. Mentres vivía en Nova York, reuniu unha orquestra de estudantes e antigos alumnos de Juilliard e Yale. O concerto final da orquestra incluíu varias estreas mundiais, unha colaboración co mozo virtuoso do jazz Vuyo Sotashe, unha sinfonía de Mendelssohn, e culminou cunha interpretación a grande escala

do himno do movementos polos dereitos civís *We Shall Overcome*, arranxada por Zinca para orquestra, cantante, trobador e coro de todo o público. Ademais, mentres vivía en Helsinki, Zinca organizou un popular evento mensual de micrófono aberto que incluía actuacións de música clásica entre as doutros moitos xéneros, e durante a súa estancia no Festival de Lucerna organizou unha actuación ao aire libre da *Sinfonía núm. 40* de Mozart con estudantes da Academia do Festival.

Zinca completou os estudos de dirección na Academia Sibelius como alumno de Sakari Oramo, así como un curso de estudos avanzados na Universidade das Artes de Berlín como alumno de Harry Curtis. Na Academia Sibelius recibiu clases adicionais de Jorma Panula, Johannes Schlaefli, Nicolás Pasquet, Susanna Mälkki, Hannu Lintu e Péter Eötvös.

Zinca é natural de Miami (Florida) e fillo de pai romanés e nai peruana. Antes de dirixir, estudou contrabaixo na Juilliard School. Como músico de orquestra actuou con varios dos principais

mestres do mundo no Carnegie Hall, o Suntory Hall, o Royal Albert Hall, o Conservatorio de Moscova e o Teatro Mariinsky. En 2017 interpretou un programa de música conmemorativa do Holocausto en Auschwitz e ademais ofreceu máis de 40 concertos en hospitais, residencias de anciáns e refuxios para persoas sen fogar.

BIOGRAFÍAS

Inés Salvado Gontad

Narradora-actriz

Inés Salvado Gontad é actriz e cantante. É Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela na especialidade de guión e dirección. Tamén é graduada na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo en Fotografía Artística e posteriormente en Interpretación na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto.

Dende o ano 2006, Inés está vencellada ás artes escénicas ata a actualidade que traballa na compañía profesional A Feroz, coa que participa como actriz nos espectáculos *Afterparty*, *Santa Inés*, *Do pracer e da morte* e *Frío*.

Nos anos 2020 e 2021 traballou como actriz no Centro Dramático Galego (CDG) na peza *O Charco de Ulises*.

Ademais, é integrante do grupo musical De Vacas, formación que foi galardoada nos Premios da Música Martín Códax en 2016 e premiada na II edición do Festival Territorio Violeta na Feria

de Teatro de Ciudad Rodrigo no 2018. Tamén é vocalista e percusionista na banda de Budiño e no Coro Encaixe.

Lorena Conde

Dramaturga

Lorena Conde desenvólvese nos terreos da dramaturxia, a dirección escénica, a interpretación, as artes plásticas e a literatura.

É integrante da compañía Matrioshka Teatro onde escribe e actúa. É co-fundadora da compañía A Feroz para a que tamén escribe e dirixe.

En 2016 gaña o XVIII Premio de poesía Miguel González Garcés con *Entullo*, o seu primeiro poemario. En 2020 faise co III Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil coa novela *Velloucas & Minchas*, co XXXVI Premio de poesía Cidade de Ourense co poemario *As puntas da louza. Cancioneiro de labor* e co I Premio de Poesía Filomena Dato co poemario *Ave do Paraíso*.

NOTAS AO PROGRAMA

Non hai mellor maneira de celebrar unha noite máxica como a de Reis que cun conto de fadas. A Real Filharmonía proponnos hoxe unha selección de números dun dos ballets clásicos máis famosos de tódolos tempos: *A bela dormente*, op. 66 de Chaikovski.

Piotr Ilich Chaikovski (1840-1893) é considerado o “verdadeiro músico romántico ruso” posto que representa unha facción máis cosmopolita e europea fronte ao coñecido como Grupo dos Cinco (Korsakov, Balakirev, Cui, Borodin e Mussorgski), emblema do nacionalismo musical ruso. Inicialmente estudou dereito e foi funcionario durante catro anos, pero moi pronto decatouse de que a súa verdadeira vocación era a música. A súa traxectoria profesional foi brillante e obtivo un grande éxito como compositor e tamén como director, realizando xiras por todo o continente europeo. Porén, o seu periplo vital foi bastante tormentoso con continuas depresións e unha homosexualidade non recoñecida polas presións sociais da época que lle ocasionou un gran sufrimento. Foi un autor ecléctico que abordou numerosos xéneros: óperas (*Eugen Onegin*, *Dama de picas*), seis sinfonías, concertos,

aberturas, poemas sinfónicos e tamén ballets. Neste último xénero é recoñecido como o creador do ballet sinfónico, ca súa famosísima triloxía: *O lago dos cisnes*, *A bela dormente* e *o Crebanoces*, sen dúbida os tres ballets máis populares e programados da historia. No seu estilo conviven de maneira equilibrada diversas influencias: por un lado, elementos nacionais da música folclórica e popular rusa e por outro, unha serie de trazos herdeiros da tradición clásica de distintos países europeos e a pegada de compositores como Beethoven, Schubert ou Schumann.

O ballet *A bela dormente* (1889) foi un encargo a Chaikovski de Iván Vsevolozhski, director dos Teatros Imperiais de San Petersburgo. En 1888 o compositor recibe unha carta de Vsevolozhski na que lle comenta o seguinte: “Estiven pensando en escribir un libreto a partir do conto de Charles Perrault, *A bela dormente do bosque*. Por iso, gustaríame poñelo en escena ao estilo francés de Luís XIV, dando vida a unha fantasía musical con melodías escritas da forma de Lully, Bach, Rameau e outros mestres barrocos. Se lle gusta a vostede a idea, sentiríame moi afortunado de que

escribíse a música. Ademais, no último acto darei vida a varios personaxes de Perrault como o Gato con Botas, Polgarciño, Cincenta ou Barba Azul”. Chaikovski aceptou a proposta dando lugar á que el mesmo consideraba unha das súas mellores obras. Esta peza supón unha simbiose perfecta de música e danza, xa que o compositor traballou conxuntamente na súa creación con Marius Petipa (1818-1910) coreógrafo francés, figura central do ballet imperial ruso e considerado o pai do ballet clásico. Toda a obra desprende un claro amor polo clasicismo propio do S.XVIII, tanto na música como na coreografía. Chaikovski mestura melodías dunha gran beleza e ritmos variados cunha orquestración chea de colorido adecuándose en todo momento aos xestos da danza e ao relato, mostra dese traballo interdisciplinario que desenvolveu con Petipa e Vsevolozhski. Esta obra contribuíu de maneira clara a situar a Rusia como eixo principal do ballet a nivel mundial dende aquel momento. En 1959, Walt Disney fixo unha película homónima na que utilizou a música de Chaikovski para a súa banda sonora e que popularizou aínda máis esta peza.

O libreto de *A bela dormente* —tal e como sinalaba o seu creador na carta a Chaikovski— está baseado no conto *A bela dormente do bosque* de Charles Perrault (1628-1703). Este escritor francés destacou nos contos para nenos e foi o máximo expoñente do conto de fadas, xénero que xorde a finais do S.XVII e no que tamén sobresaíron outros autores como Andersen, os irmáns Grimm ou Afanasiev. Neste tipo de historias sempre estaban presentes unha serie de tópicos como a fantasía, a maxia, o amor, un feitizo ou encantamento e certa idea de atemporalidade. O conto que nos ocupa foi recuperado da tradición oral e formou parte dunha colección de relatos que Perrault titulou *Historias ou contos do pasado* e que tamén se coñeceu como *Contos de mamá Oca* por unha ilustración que aparecía na portada (Maurice Ravel na súa obra *Ma Mère l’Oye* tomou algúns destes contos). Iván Vsevolozhski suavizou un pouco a historia orixinal, facendo desaparecer as partes máis escabrosas, para presentar un libreto máis amable centrado nun debate entre o ben (a fada das Lilas) e o mal (a fada Carabosse) e o triunfo do amor entre a princesa Aurora e o príncipe Desiré. O ballet comeza co bautizo da nena Aurora

NOTAS AO PROGRAMA

que recibe a visita dunha serie de fadas que lle conceden os mellores dons e atributos á pequena princesa. Porén, a malvada Carabosse, unha vella fada que non fora invitada, chea de carraxe faille un encantamento na que a condena a morrer pola picada dun fuso no futuro. A fada das Lilas salva en parte a situación e cun feitiço consegue que cando chegue o momento no que se pique a princesa, esta caerá nun profundo sono do que só poderá espertar grazas ao bico dun aposto príncipe, pero non morrerá. O temido día chega e unha Aurora adolescente pícase cun fuso e cae durmida. Farán falla cen anos para que o príncipe Desiré a atope no seu vello castelo e a esperte. Ao final, os dous mozos casan e son felices para sempre. Como se pode ver, a protagonista indiscutible é Aurora, algo típico do ballet romántico, no que o foco xira cara a bailarina protagonista, algo que non era así en épocas pretéritas.

O ballet está estruturado nun prólogo (o bautizo da pequena Aurora) e tres actos: no primeiro, celébrase o 16º aniversario da princesa e prodúcese a desgraciada picada co fuso; no segundo, a visión do príncipe Desiré e o espertar da Aurora; e no

terceiro, a voda dos namorados. Chaikovski fixo unha suite para orquestra —*op.66a*— (ao igual que cos seus outros ballets) que foi publicada postumamente e que recolle algúns dos números máis coñecidos, porén nunca estivo convencido de cales escoller. No concerto de hoxe, a orquestra baixo a batuta de Sebastian Zinca non partirá desta suite, senón que interpretará unha selección persoal do seu director a partir dalgúns extractos e números da obra orixinal, contando coa narración de Inés Salvado Gontad.

En primeiro lugar, sonarán tres números do Prólogo: a *Introdución*, unha especie de marcha na que os convidados ao bautizo de Aurora van chegando e que contén os dous motivos melódicos que percorren toda a obra e identifican á malvada Carabosse (que sona en primeiro lugar) e á fada das Lilas, dun carácter ben contrastante; o número 2, *Escena Danzante*, supón a entrada das fadas boas en escena e cada unha delas outorgará os seus poderes á pequena princesa; e o número 4, *Finale*, dunha grande intensidade dramática, que se corresponde co momento no que Carabosse fai o seu maleficio e a fada das Lilas intenta arranxalo cun “contrafeitizo”.

A continuación, do Acto 1 escoitaremos dous dos números máis coñecidos de todo o ballet: o 6, *Valse das Guirnaldas*, un baile na festa de celebración do 16 aniversario de Aurora e o número 8, *Grande Adagio da Rosa*, introducido por unha cadencia de arpa e conformado por fermosas melodías no que catro pretendentes entregan unha rosa á princesa para intentar conseguir a súa man (trátase dun número moi esixente tecnicamente no plano da danza). Por último, o número 9, *Finale*, supón a aparición da fada das Lilas despois da picada de Aurora para sumir a toda a corte nun profundo sono, para que cando a nena esperte cen anos despois todo permaneza inmutable.

Seguidamente, do Acto 2, abórdanse dous momentos ca mesma estrutura: unha escena precedida dun entreacto orquestral. O número 10, Entreacto e escena (10a e 10b), onde fai aparición o príncipe Desiré; e o número 19, *Entreacto sinfónico* e escena que remata nun clímax en fortísimo, co bico do príncipe á bela dormente.

Finalmente, do Acto 3, escolléronse: o número 22, *Polacca*, unha polonesa, danza moderada e ternaria

cun ritmo característico que permanece constante e que serve para o desfile de protagonistas de distintos contos de fadas con motivo da voda de Aurora e Desiré; e o número 31, *Apotheose*, momento apoteótico co que remata o ballet no que todos os personaxes fan unha última reverencia. A Real Filharmonía para pechar o concerto retoma o famosísimo *Valse das Guirnaldas* que xa se escoitou con anterioridade.

Trala súa estrea o 15 de xaneiro de 1890 no Teatro Mariinski ao que acudiu o Tsar Alexandre III, este comentou simplemente “moi bonito”, algo que enfureceu enormemente ao compositor. Porén, a historia acabou outorgándolle o status que esta xoiá ten e que recoñeceron figuras tan importantes como o compositor Stravinski —quen tamén presenciou a estrea sendo un neno de tan só oito anos— e Diaghilev, director dos Ballets Rusos.

Que mellor regalo de reis que deleitarnos con esta obra mestra!

CARME TUBÍO BARREIRA

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

viaxe de volta (EN)FOCO

VENRES 12 XANEIRO

Auditorio de Galicia, 20:00 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sebastian Zinca, director

- Roberto Gerhard: Suite do ballet Alegrías
- Roberto Gerhard: Sinfonía núm. 1

**Coa participación do alumnado do EAEM*

